

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 10/05/2019

Acta da sesión ordinaria da Comisión de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 10 de maio en sesión presencial.

Asistentes:

Presidencia

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Dolores González Álvarez

Membros da CC

Sector profesorado

Miguel Cuevas Alonso

Francisco José Ledo Lemos

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

Carmen Luna Senllés

José Montero Reguera

Ana María Pereira Rodríguez

Alexandre Rodríguez Guerra

Nuria Yáñez Bouza

Sector PAS

Belén Otero Rey

Desculpan

Inmaculada Báez Montero (PDI)

Ana Bringas López (PDI)

Helena Cortés Gabaudán (PDI)

Maribel del Pozo Triviño (enlace de igualdade)

Jorge Figueroa Dorrego (PDI)

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudiante)

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

Non asisten

Alba Gil Vicente (estudiante)

Tania Souto Rodal (estudiante)

José Yuste Frías (PDI)

Ábrese a sesión ás 10:39.

Orde do día

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria de 7/3/19)

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Decano

O Decano informa sobre o escrito enviado á reitoría solicitando confirmación por escrito sobre se o plan de compartir 90 créditos entre os graos de Linguas Estranxeiras e un novo grao en Filoloxías Galega e Española foi aceptado pola Xunta de Galicia, e resposta a diversas cuestións técnicas necesarias para a elaboración da memoria do novo grao: prazos, desdoblamento de materias,

O Decano informa tamén sobre as Xornadas de Portas Abertas organizadas polo SIE que terán lugar en xuño despois da selectividade. Tratarase de recibir aos rapaces e os pais que estean interesados en visitar o centro e responder as súas dúbidas.

Finalmente o decano comunica que se atenderon as distintas solicitudes dos departamentos sobre modificacións no POD.

3. Toma de posición sobre a reforma dos regulamentos de TFG e TFM da facultade de Filoloxía e Tradución.

A vicedecana de calidade lembra que é necesario modificar o regulamento de TFG e TFM da FFT para adaptarse ao novo regulamento de TFG e TFM da Universidade de Vigo, que permite que os traballos sexan xulgados por tribunais unipersoais ou colexiados e que cada título elixa o seu modelo de avaliación. O profesorado dos graos en Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación e do Máster en Tradución Multimedia optou polo tribunal unipersonal, o que fai necesaria a aprobación dun novo regulamento que de acubío ao novo modelo de avaliación antes da aprobación das guías docentes do vindeiro curso 2019-2020. A vicedecana de calidade e as coordinadoras dos Graos en Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación, Nuria Yáñez e Ana Pereira, respectivamente, presentan un borrador de regulamento para a súa valoración nesta comisión de calidade. Révisanse todos os artigos e fanse propostas de modificacións de diversos aspectos, tales como a asignación de persoas titoras, a concesión de matriculas de honra ou o procedemento de cualificación dos traballos. Acórdase que se incorporarán as modificacións propostas e o novo texto someterase á aprobación desta comisión nunha vindeira xuntanza.

O decano solicita ao coordinador do grao en Ciencias da Linguaxe que faga unha nova consulta ao profesorado do grao co fin de decidir a modalidade de tribunal para este grao.

4. Comisión para a elaboración do “Regulamento para o seguimento da docencia”

Na comisión de calidade anterior (7/03/2019) a profesora Lourdes Lorenzo solicitou a elaboración dun regulamento para o seguimento da docencia no que se describisen os procedementos relacionados coa docencia que non quedan claros noutros regulamentos (publicación de cualificacións, reclamacións, titorías, consultas do alumnado, comunicación de ausencias, etc.). Houbo acordo na

necesidade dun protocolo deste tipo e proponse a creación dunha comisión que elabore a proposta de regulamento. Decídese que a comisión estea formada pola vicedecana de calidade, a profesora Lourdes Lorenzo e as titoras do PAT dos distintos títulos pois teñen un contacto directo co alumnado.


5. Rolda aberta de intervencións

A profesora Lourdes Lorenzo solicita que se cree unha listaxe dos TFGs defendidos que sexa pública. A profesora Nuria Yáñez di que esa listaxe (sen cualificación) existe xa para o Grao en Linguas Estranxeiras e pode consultarse no cartafol correspondente de faitic.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 12:45.


Vigo, 10 de maio de 2019

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe

A secretaria (Vicedecana de calidade)



Dolores González Álvarez